

## PROXECTO: SOPA DE PLÁSTICOS

Onte, venres día 6 de novembro, no CEIP Centieiras disfrutamos dunha xornada escolar algo distinta e especial; pois ademais de festexar o Magosto e o Día do peón e de emitirse o programa de radio en cuxa gravación participaron os rapaces e rapazas de 6º de Educación infantil e de 4º B de Educación Primaria, o equipo de infantil presentamos no patio cuberto do centro a exposición “Sopa de Plásticos”. Unha exposición composta por distintas esculturas e composicións que as nenas e nenos de infantil crearon cos plásticos que trouxeron a comezos do curso como tesouros do verán.



Debido á situación sanitaria que estamos a vivir e á normativa recollida no protocolo Covid, a exposición soamente estivo exposta ao longo da mañá do día de onte. Por isto, e co fin de poidades vela todas as familias que por circunstancias non accedes ao cole, queremos presentarvos este documento resumo do traballo realizado.



Os principais obxectivos desenvolto neste proxecto foron: a sensibilización polo coidado do medioambiente, o manexo do retroproxeutor para crear composicións e o espertar da imaxinación e creatividade artística. Con esta proposta favoreceuse ademais a adquisición de distintas competencias:

- Da competencia lingüística, xa que fomentamos a linguaxe oral e escrita.
- Da competencia matemática á hora de profundizar en conceptos lóxico-matemáticos aplicados aos plásticos dun xeito lúdico e transversal.
- Da competencia de coñecemento e interacción co mundo físico e social grazas ao visionado de imaxes e á manipulación de materiais variados cos que coñecer mellor o contorno e as súas características podendo modificalas.
- A competencia para o tratamento da información e dixital, pois neste caso foi unha das que máis se potenciou, tanto polo uso do retroproxeutor, como polo emprego da mesa de luz e a participación no programa de radio do que tedes o enlace na aula virtual e na web do centro.
- A competencia cultural e artística tamén estivo presente, pois por unha banda potenciamos a creatividade á hora de clasificar os plásticos e de realizar as esculturas e composicións con títulos que nos levaron a preparar esta exposición. E, pola outra, coñecemos e valoramos a fotografía de Mandy Barker (fotógrafa inglesa de plásticos nos mares e a súa obra “Sopa de Plásticos”, fonte da inspiración do resultado deste proxecto).
- E a competencia de aprender a aprender, xa que o carácter aberto do proxecto e a súa posibilidade de adaptación a cada unha e a cada un de nós, foron parte activa da súa propia aprendizaxe.



Claramente, este marabilloso proxecto xogou un papel moi importante no día a día do noso alumnado, logrando que nenas e nenos reparen no seu contorno, coñezan de forma activa o mundo no que viven e coiden o medioambiente buscando respostas a cuestións tipo: “como poido chegar un bidón ou un cepillo de dentes ao mar?”

En definitiva, foi un proxecto de impacto social que se traballou cunha clara finalidade, a de facer a súa propia exposición no patio cuberto do colexio co propósito de facer chegar ao resto da comunidade educativa unha mensaxe “COIDEMOS O MEDIO AMBIENTE, FÓRA PLÁSTICOS”

Aquí vos deixamos aunha pequena mostra da exposición!